



## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA A MELLORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA**

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para a mellora da administración electrónica.

### **Exposición de motivos**

A actualización da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xunto coa Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector sentou as bases para a modernización e a implementación dos trámites electrónicos no ámbito da administración pública.

A existencia dunha plataforma dende a cal tanto cidadanía coma empresas poidan realizar os seus trámites de xeito telemático, supón un gran avance e numerosas vantaxes para as persoas que precisen realizar un trámite coa administración. Desaparecen as colas e as agardas, aforrando tempo á cidadanía que ademais, coa apertura da sede 24 horas e 7 días, pode realizar os trámites no momento que máis lle conveña; dende o punto de vista medioambiental, redúcense os desprazamentos así coma a impresión de miles de documentos; e dende a visión da seguridade dispónse dun

maior control sobre os trámites, puidéndose consultar o estado do procedemento en calquera momento.

O propio funcionamento da administración vese afectada favorablemente polos trámites telemáticos, pois veñen a minimizar os tempos de resposta e resolver dun xeito máis áxil as peticións da cidadanía. Así coma a eficiencia do persoal da administración local pois diminúe a atención presencial o que favorece unha mellor xestión do tempo.

Este Concello, no 2018, da man de Ferrol en Común, mellorou a súa páxina web así coma a Sede Electrónica, dando un paso máis na modernización dos servizos telemáticos. Pero aínda así, é necesario seguir investindo neste eido, pois non son suficientes os trámites ofertados polo Concello de Ferrol de xeito online, obrigando aínda a moitos veciños e veciñas a acudir as colas do Concello para realizar determinados trámites que serían infinitamente máis áxiles de xeito telemático.

A posibilidade de solicitar online algúns dos trámites máis simples e incluso habituais coma rexistrar unha mascota, descargar certificados de empadronamento, reclamacións ante a OMIC, solicitude de espazos do concello, alta de domiciliación bancaria para os tributos do concello, solicitude de bonificacións fiscais, pago dunha sanción, comunicación de incidencias coma faios de alumeado, destrozo de mobiliario ou presentar alegacións a unha sanción de tráfico serían moito máis áxiles e rápidos se se contase coa ferramenta telemática adecuada para o súa xestión, evitando desprazamentos e esperas, sobre todo neste tempo de pandemia que estamos a vivir no que o contacto persoal está desaconsellado, e que veu a poñer de manifesto a necesidade de relacionarnos dun xeito online que resulta máis seguro e máis eficaz.

Dende Ferrol en Común, consideramos preciso que se avance cara unha administración electrónica que sexa capaz de dar unha resposta rápida a través duns procedementos sinxelos, para que toda a cidadanía sexa capaz de utilizar estas ferramentas que supoñen un paso máis na mellora da atención á cidadanía ferrolá.

Así mesmo, as arcas municipais dispoñen dunha partida dun millón de euros procedentes dos fondos EDUSI, precisamente para a mellora da administración electrónica, que teñen que ser investidos antes do 2023 co risco de perdelos se non se desenvolve ningún proxecto neste eido. Dende Ferrol en Común consideramos que dispoñendo desta partida só falta o traballo e a vontade dun goberno municipal que aposte polo progreso e sexa quen de investir estes fondos en ferramentas útiles para a relación entre cidadanía e administración, aumentando os servizos telemáticos xa sexa incrementando o propio catálogo dende a Sede Electrónica do concello coma instalando diferentes puntos de xestión telemática onde solventar os trámites máis sinxelos coma a descarga dun certificado de empadronamento.

Por todo iso, propoñemos ao Pleno do Concello de Ferrol a aprobación dos seguintes puntos:

1. Aumentar o catálogo de trámites electrónicos ata chegar ao 100% de procedementos que sexa posible realizar de xeito telemático.
2. Realizar os cambios que sexan necesarios para que os trámites telemáticos a través da Sede Electrónica sexan o máis áxil, sinxelos e intuitivos posibles, para que cheguen a maior número de persoas, así coma fomentar dende a administración local o uso das

ferramentas telemáticas habilitando un teléfono de atención á cidadanía que poida ter problemas cos trámites online.

3. Dotar a cada barrio dun punto de xestión de trámites telemáticos onde poder realizar os procedementos dun xeito máis sinxelo e áxil utilizando para elo os fondos EDUSI destinados a mellora da administración electrónica.

Ferrol, 18 de marzo de 2020

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común